

NINGÚN CONTRATO PÚBLICO SEN CLÁUSULAS SOCIAIS



DEPENDENCIA

AXUDA A DOMICILIO

OBRAS E INFRAESTRUTURAS

TRANSPORTE ESCOLAR E SANITARIO

LIMPEZA CENTROS PÚBLICOS

SEGURIDADE

LIMPEZA VIARIA E LIXO

...



UGT esixe a todas as administracións públicas, Xunta, Deputacións e Concellos, a **adopción dun novo modelo de cláusulas sociais na contratación pública**, baixo criterios de homoxeneidade e consenso cos axentes sociais que sexa unha guía para o conxunto de administracións da nosa Comunidade autónoma. É necesario **unificar criterios en todas as administracións** e acabar así coa actual discrecionalidade existente.

É o momento de considerar que **a contratación pública é unha política pública máis**. A través da mesma, os nosos poderes públicos participan de forma directa e/ou indirecta no desenvolvemento socioeconómico e político da nosa Comunidade autónoma. Por isto, **as administracións públicas deben comprometerse a non permitir a explotación de traballadores e traballadoras con diñeiro público**.

As cláusulas sociais son un instrumento fundamental para impulsar un modelo de Administración Pública, un modelo de mercado produtivo e un modelo de sociedade, **que asuma melloras de carácter social, medioambiental e laboral, con fundamento no interese público** que remate coa precariedade na contratación pública de obras e servizos.

CLÁUSULAS SOCIAIS XA!

NINGÚN CONTRATO PÚBLICO SEN CLÁUSULAS SOCIAIS

❑ Sindicato esixe que os contratos das Administracións Públicas incorporen **cláusulas de contido social, laboral e medio ambiental**, tanto no criterio de selección do contratista, como no de adjudicación dos contratos e na esixencia de execución.

Nas licitacións públicas **o prezo non debe ser o único valor a ter en conta**. É imprescindible que as plicas especifiquen obrigatoriamente:

- ✓ convenio sectorial aplicable.
- ✓ Reconozcan a figura da subrogación e a sucesión empresarial que garantan a estabilidade no emprego.
- ✓ A obrigaón das empresas adjudicatarias de non reducir as condicións de traballo dos traballadores e traballadoras adscritos ao contrato durante toda a súa execución.
- ✓ A promoción da igualdade entre mulleres e homes. Implantación de plans de igualdade.
- ✓ A mellora da seguridade e saúde laboral e cumprimento expreso da Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- ✓ A contribución da inserción laboral dos colectivos máis desfavorecidos.
- ✓ Asegurar unhas condicións medioambientais adecuadas.
- ✓ A exclusión das empresas que fosen sancionadas con carácter firme por infracción moi grave en materia laboral, social ou medioambiental.
- ✓ Participación dos sindicatos máis representativos nas Xuntas Consultivas de Contratación ou órganos da Administración.
- ✓ Seguimento sindical da aplicación das cláusulas sociais e laborais.

Non estamos de acordo coa externalización e privatización do servizo público. No suposto que isto suceda, as administracións públicas deben valorar calquera proceso de externalización ou privatización como elementos de estratexia global da mellora do servizo público, por encima das medidas de redución de custos e con acordo das organizacións sindicais máis representativas.

